



+34 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/01/2022 8:07:31

SAIDA

1384/22



Reclamante:

Expediente. Nº **RSCTG 189/2021**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por mediante escrito do 22 de novembro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de xaneiro de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 22 de novembro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 20 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería de Medio Rural, pola que se lle concede acceso á información pública presentada sobre determinados datos de explotacións gandeiras de Galicia nos anos 2016 e 2021.

A reclamante indicaba que solicitou determinada información sobre as explotacións gandeiras de produción e reprodución que constaban no rexistro de explotacións gandeiras de Galicia o 1 de xullo de 2016 e o 1 de xullo de 2021.

Na información que lle foi remitida coa resolución estimatoria, se lle remiten arquivos en excel nos que figura a información solicitada agás as referentes á apicultura (capacidade máxima), bovino (capacidade máxima, data de actualización do censo), équidos (capacidade máxima), pequenos ruminantes (capacidade máxima, data de actualización do censo) e porcino (capacidade máxima).

Considera que os datos que non se lle remitiron son clave, xa que coñecer a capacidade máxima das explotacións é importante para contextualizar o dato do censo que teñen nun momento dado, pois non sempre unha explotación funciona á súa máxima capacidade e que en porcino e avicultura se indique se as explotacións son de autoconsumo ou reducidas axuda á interpretación dos datos, pero non satisfai de forma completa a necesidade mencionada anteriormente. Indica que nas aclaracións do correo electrónico non explican por que non se achega o dato de capacidade máxima mentres que si o fan noutros casos.

Respecto do censo de bovino e pequenos rumiantes parece expresarse como *animais presentes*, pero non se inclúe unha data para este dato máis aló da do arquivo (1 de xullo de 2016 ou 1 de xullo de 2021) e dado que os censos son cambiantes, é esencial localizar no tempo o grao de ocupación que tiña cada explotación.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 29 de novembro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante á Consellería de Medio Rural para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 9 de decembro de 2021.

Terceiro. Con data do 12 de xaneiro de 2022 a Consellería de Medio Rural contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a capacidade máxima autorizada nas explotacións, que se corresponde co número máximo de animais que pode albergar unha explotación dunha especie concreta, ven definida en función da lexislación vixente para a especie en cuestión e no caso das explotacións de gando bovino e de pequenos rumiantes non existe ningunha normativa sectorial, polo que non están definidas, nin se contempla esta información no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

No caso das explotacións de équidos, a normativa sectorial, define unicamente as explotacións de pequena capacidade (máximo de 5 unidades de gando maior e 10 de abasto), non contemplando capacidades máximas para o resto das explotacións, polo que no Rexistro de Explotacións Gandeiras Equinas figura a información daquelas explotacións que son de capacidade reducida, pero non as capacidades máximas autorizadas das restantes explotacións.

No caso das explotacións apícolas, na normativa sectorial non se definen como tal as capacidades máximas, (salvo para as de autoconsumo), aínda que si están definidas as capacidades produtivas.

No caso das explotacións porcinas, no Rexistro de Explotacións Gandeiras si que se contempla tanto a clasificación segundo a capacidade produtiva, como as capacidades máximas autorizadas, comprobándose que esta información non foi facilitada á persoa interesada.

Respecto dos censos das explotacións bovinas e de pequenos ruminantes facilitados á persoa interesada refírense aos existentes nas correspondentes explotacións nas datas para as que esta solicitou a información segundo os respectivos arquivos remitidos.

De acordo co anterior, con data do 3 de xaneiro de 2022 remitiuse por correo electrónico á persoa interesada a relación de explotacións equinas, nas datas solicitadas, coa indicación das que son de pequena capacidade, a relación de explotacións apícolas, coa indicación das capacidades produtivas en función de se son explotacións de autoconsumo, profesionais, e non profesionais, a relación de explotacións porcinas, nas datas solicitadas, coa indicación das capacidades máximas autorizadas e unha explicación das circunstancias sinaladas neste informe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter

potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, á interesada notificóuselle a resolución con data do 26 de Outubro de 2021 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 22 de novembro de 2021, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A interesada presentou unha solicitude de acceso á información ante a Consellería de Medio Rural que non foi respondida en prazo, presentando reclamación ante esta Comisión pola desestimación por silencio administrativo (expediente RSCTG 171/2021), que se resolveu estimando a reclamación por motivos formais ao ditarse e notificarse resolución sobre o acceso con posterioridade á presentación da reclamación. Iso non impide que a interesada puidese, como así fixo, presentar reclamación contra a resolución expresa da súa solicitude, por considerar que a información que se lle remitiu, non estaba completa. Deste xeito, considera que faltan arquivos referidos á apicultura, bovino, équidos, pequenos ruminantes e porcino.

No informe remitido pola Consellería de Medio Rural, faise constar que a capacidade máxima autorizada nas explotacións vén definida en función da lexislación aplicable a cada especie e sinala que para bovino, pequenos ruminantes e explotacións apícolas non existe, polo que non se contempla esta información no Rexistro de Explotacións Gandeiras.

De acordo coa definición de información pública da Lei galega 1/2016, e da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e dispoñible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias.

No marco dunha solicitude de acceso á información, cando se solicita unha información ou unha documentación que non existe, ben por que non se elaborou (aínda que fose obrigatorio facelo pola normativa que lle sexa de aplicación) ou ben simplemente porque non é necesario ou non é posible elaborala porque non se dan as circunstancias para facelo, o suxeito obrigado cumpre, indicando ao solicitante con claridade, que a información solicitada non existe. De

acordo co anterior, considérase axeitada a resposta dada pola Consellería de Medio Rural respecto da dita información.

No referente ás explotacións porcinas, a información referente á capacidade produtiva e capacidades máximas autorizadas si existe, polo que ao comprobar a Consellería que a dita información non fora facilitada á persoa interesada, remitiúselle con data do 3 de xaneiro de 2022 a relación de explotacións equinas, apícolas, e porcinas e unha explicación das circunstancias sinaladas no seu informe, polo que procede a estimación da presente reclamación por motivos formais.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 22 de novembro de 2021, contra a Resolución do 20 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería de Medio Rural, pola que se lle concede acceso á información pública presentada sobre determinados datos de explotacións gandeiras de Galicia nos anos 2016 e 2021.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2022.01.26 13:57:10 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.